



*Organización Galega
de Comunidades de Montes*

COMUNICADO INFORMATIVO *Veciñais en Man Común*

Diante da derogación do vixente decreto sobor a enerxía eólica, e ante o anuncio de unha nova lei sobor a mesma, que pretende levar adiante o goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia, a Organización Galega de comunidades de montes veciñais en man común (ORGACCMM), quer manifestar públicamente:

1)-Que a derogación do vixente decreto da enerxía eólica, vai significar un paso atrás para os intereses de Galicia, xa que o decreto vixente, era a primeira regulamentación da enerxía eólica, que ordenaba os lugares onde se podían instalar os parques eólicos (non se podían instalar en espazos da Rede Natura, en lugares onde houber restos patrimoniais e polos sitios onde pasase o Camiño de Santiago), que as concesións para a instalación de parques eólicos se facía mediante un concurso público e non co oscurantismo con que se concedían con anteriores gobernos do Partido Popular, e primábase aqueles proxectos que potenciásen o desenvolvemento dos recursos endóxenos da zona onde se ía a instalar o parque eólico.

2)-Que a derogación do vixente decreto sobor a enerxía eólica, vai significar un sin fin de pasos atrás para as comunidades de montes veciñais en man común, xa que era a primeira regulamentación de esta enerxía, que, practicamente, deixaba nas mans dos titulares das terras, a instalación ou non dos parques eólicos, xa que o goberno anterior da Xunta de Galicia, existían os promotores dos parques eólicos, un acordo amigable de cando menos un 65% do titulares das terras onde se ían a instalar os parques eólicos. Isto vén a significar, que, no caso de que se instalase o parque eólico, potenciábase o desenvolvemento da zona, e dado que os parques eólicos, situáanse no medio rural, estariase a potenciar o rural.

Así mesmo, a Organización Galega de comunidades de montes veciñais en man común (ORGACCMM), quer denunciar públicamente a actitude antidemocrática da actual Consellería de Industria, ante o feito de entregar o anteproxecto da lei da enerxía eólica, para que presentasen alegacións a mesma, as empresas eólicas e os concellos, e non lla entregase os representantes das comunidades de montes veciñais en man común, que son os titulares das terras onde se van a instalar os parques eólicos.

Saudalle atentamente
O Pte da ORGACCMM
Xose Alfredo Pereira Martínez
Asdo

Val Miñor a 10 de Agosto de 2009